

SANTIAGO, 23-II-1978.

TELÉFONO 59 2116

Sr. D.

Luis Seoane.

BOS AIRES.

Querido Luis: Recibín a tua carta. Sinto o da gripe, pero é cousa que hoxe resulta inevitabel. Coidate sempre. Tí eres forte -~~xa~~ o teñes demostrado- e non me preocupan isas pequenas doenzas, sin maior transcendencia.

Vexo que sigues a traballar dun xeito sistemático, continuo e fecundo. Non te esquezas de remesarme, **candó saian**, os teus novos libros de grabados. Interésanme moito.

Sinto que non espoñas en Milán, aínda que comprendo o teu cansacio. A mín, no meu eido, acontécemo o mesmo. Son escesivas as obrigas que cangan sobor de ún. En fin, non nos laemos.

Eu ando metido nunha actividade cáseque frenética. O Senado, as Comisió que me visitan e piden a miña intervención, -hoxe mesmo viñeron uns paisáns das Encrobas a pedir que eu os apoie, pois o resto dos parlamentarios non fan ren, e axiña lles dixen que estaba disposto a loitar polos seus dereitos onde fora e cómo fora. Imos preparar, xa que logo, unha estrate-xoa axeitada a ver si acadamos que non rouben o que é deles. Xa che terei ao tanto diste choio.

As conferencias -niste mes levo dadas sete, cinco en Galicia e duas en Madrid. E, derradeiramente, o oficio de curador, que pide moito. En suma, un trafego continuo. Agora estou tan esgotado que marchó á Coruña a descansar tres días seguidos. A leer e a escoitar música.

Os López de Gomara -apelido de conquistador español- aínda non apareceron por eiquí. Candó veñan atenderémos con todo agarimo.

Por ~~corre~~ aparte envíeiche a reseña periodística dunha intervención parlamentaria da Totorá. Verás por ela que a miña calificación de conductá circense estaba plenamente xustificada. ¡Cánto dano fai ista muller ao

bó nome de Galicia;

Xa saberás que ardeu gran parte do Pazo de Meirás. O incendio foi provocado. Por fortuna, salvouse a biblioteca da Pardo Bazán. O resto, polo que nos contan, era morralla, bisutería, mala pintura e obxectos de valor arqueolóxico froito da rapiña disa curuxa que é a viuda do dictador. ¡Coarenta anos roubando, amasando millóns, e nin tan siquiera un cadro de firma importante; Un mal gusto de militar español.

Pasado mañán ingresará na Academia Galega Mariñas del Valle. Denantes xa o fixeron Eduardo Moreiras e Valentín. Nún mes, tres numerarios novos. Coido que a cousa non vai mal. Tamén salvei un atranco económico. E o domingo celebraremos a primeira sesión ordinaria na nova casa. Polo de agora soio é unha ocupación provisional. A inauguración oficial terá lugar cando rematemos algúns detalles de instalación para os que precisamos cartos que eu ando a pedir por todas partes.

Unha aperta ecuménica de Elena e miña para Maruxa e para tí. Sempre voso,

*So meirás.*